

**ROGO DE AER SOBRE ACUMULACIÓN DE VEHÍCULOS REQUISADOS FRONTE A OFICINA DA POLICÍA LOCAL, (Rexistro de entrada 19/05/2017 – 2017-E-RC-7378).**

PLENO 25 MAIO 2017. ACTA 06/2017

Vista a "Chatarrería" (como coloquialmente o describen algúns veciños de Redondela) en que se veu convertendo o aparcadoiro da Policía Local na Casa do Mar, no que se acumulan coches e motocicletas requisadas que se foron deteriorando co tempo. Visto o mal aspecto que supón esa acumulación de vehículos en mal estado e en vías de deterioro, xusto na entrada a unha zona de múltiples pistas e pavillóns deportivos, así como xunto a unha zona escolar concurrida.

**Rogamos que o goberno local tome as oportunas medidas para solucionar que esa zona se converta nun cemiterio de vehículos requisados.**

*O Alcalde indica que no ano 2012 intentaron que se desprazaran os coches nesa zona, pero a normativa di que eses coches teñen que estar vixiados e se plantexou que se incluíra no contrato de grúa unha cláusula de obriga de ter un espazo e a custodia dos vehículos por parte da concesionaria. Queda pouco para a sinatura do contrato coa empresa adxudicataria.*